Acta da sesión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, do día 13 de setembro de 2024

(Mixta: 3POC + 2PNC)

[MVAG/MCPP]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes,** o día **13 de setembro de 2024, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
María Encarnación Amigo Díaz (P)
(Presidenta)
José Manuel Mato Díaz (P)
(Vicepresidente)
Montserrat Valcárcel Armesto (BNG)
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Enrique Barreiro Sánchez
Cristina Campero Dorado
Juan Manuel Casares Gándara
Nicole Grueira Fernández
Ángel Rodríguez Conde
Miguel Ángel Viso Diéguez
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Xosé Luís Bará Torres
Secundino Fernández Fernández
Alexandra Fernández Gómez
(en substitución de Ariadna Fernández González)
Sonia Vidal Lamas
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Lara Méndez López
María del Carmen Rodríguez Dacosta
Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Comparecentes:
Director xeral de Planificación e Ordenación Forestal
Director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

Letrada:
María Vicenta Aneiros González

.../...

PARLAMENTO DE GALICIA

A señora presidenta abre a sesión e rógalle á señora secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución, así como as pertinentes substitucións. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Previamente, a señora presidenta dá conta da entrada no Rexistro, doc. núm. 10938, do G.P. dos Socialistas de Galicia, no que se solicita o aprazamento da pregunta núm. 9480 (12/POC-001625) para unha posterior sesión da Comisión; xa que logo queda **aprazada**:

1.3 9480 (12/POC-001625)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara
Sobre as actuacións e previsións do Goberno galego no que atinxe á entrega de títulos de propiedade correspondentes á concentración parcelaria do concello de Cartelle e o estado en que están as pistas do terreo concentrado
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 72f2, do 28.08.2024

A seguir, pásase ao debate da primeira iniciativa:

Punto 1. Preguntas

1.1 1107 (12/POC-000165)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara
Sobre o estado en que están os estudos previos á actualización da lexislación sobre os montes veciñais en man común e a elaboración do libro branco comprometido polo Goberno galego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 13f2, do 18.04.2024

A señora presidenta concédelle a palabra á señora Rodríguez Dacosta (S), quen expón as razóns nas que se basean as cuestións concretas que figuran na iniciativa sobre a actualización da lexislación dos montes veciñais en man común e do libro branco comprometido polo Goberno galego

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o señor director xeral de Planificación e Ordenación Forestal, José Luís Chan Rodríguez.

Na rolda de réplica a señora Rodríguez Dacosta (S), agradece a información recibida e expón diferentes consideracións en base a ela, ás que lle contesta nunha nova intervención o señor director xeral de Planificación e Ordenación Forestal, José Luís Chan Rodríguez, e con cuxa intervención se pecha o debate desta iniciativa.

PARLAMENTO DE GALICIA

A señora presidenta agradécelle ao señor Chan Rodríguez, a súa presenza e colaboración cos traballos da Comisión e descúlpao de seguir na sesión, da que se ausenta.

A seguir, pásase ao debate da segunda iniciativa:

1.2 6914 (12/POC-000913)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre a continuidade ata 2025 das axudas ás explotacións gandeiras pertencentes á indicación xeográfica protexida Ternera Gallega convocadas mediante a Orde do 22 de novembro de 2023 e a súa inclusión na PAC para prolongalas máis aló dese límite temporal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 52, do 23.07.2024

Intervén a señora Méndez López (S), quen expón os motivos nos que se basean as cuestións concretas que se conteñen na iniciativa sobre as axudas ás explotacións gandeiras convocadas na Orde do 22 de novembro de 2023 e a súa continuidade ata o año 2025.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o señor director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, Silvestre José Balseiro Guinarte.

Na rolda de réplica a señora Méndez López (S), agradece a información recibida por parte do señor director xeral e salienta a falta de resposta ás cuestións suscitadas, motivo polo que se reitera na súa formulación.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención de o señor director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, Silvestre José Balseiros Guinarte, quen contesta ás cuestións formuladas.

A Presidencia agradécelle ao señor Balseiros Guinarte a súa presenza e colaboración cos traballos da Comisión e descúlpao de seguir na sesión, da que se ausenta.

A continuación, éntrase no desenvolvemento do punto segundo e pásase ao debate da primeira iniciativa:

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 2165 (12/PNC-000278)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Fernández, Secundino e 3 máis
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que as persoas titulares de explotacións agrarias conten coa opción de realizar os seus trámites coa Administración de forma presencial

PARLAMENTO DE GALICIA

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 20f2, do 02.05.2024

A señora presidenta, previamente, comunica que a esta proposición non de lei se presentou unha emenda de adición por parte do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. 11117), e deseguido, concédelle a palabra ao señor Fernández Fernández (BNG), quen procede á formulación e defensa da iniciativa que ten que ver coa opción de permitir as persoas de explotacións agrarias a tramitación de calquera expediente de forma presencial ante a administración (No decurso da súa intervención incorpórase á sesión a señora deputada do G.P. Popular de Galicia, Carmen María Pomar Tojo).

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén a señora Méndez López (S), quen, logo de expoñer as súas argumentacións verbo da proposta formulada, manifesta a súa conformidade, á vez que amosa os motivos polos que o seu Grupo presentou unha emenda de adición ao texto resolutivo da proposta formulada (No decurso da súa intervención incorpórase á sesión a señora deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia, María Elena Espinosa Mangana).

Na rolda dos grupos parlamentarios non emendantes interveñen os señores: Ojea Bouzo (M) e Viso Diéguez (P); ambos intervenientes deixan constancia das súas argumentacións ao respecto co pronunciamento favorable do voceiro do G.P. Mixto á proposta formulada e o rexeitamento do voceiro do G.P. Popular de Galicia.

Na rolda de puntualizacións o señor Fernández Fernández (BNG), logo de comentar as argumentacións expostas polos anteriores intervenientes, salienta que non acepta a emenda de adición presentada polo G.P. dos Socialistas de Galicia.

Deseguido, pásase ao debate da segunda iniciativa:

2.2 **9414 (12/PNC-000920)**
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e 5 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego das medidas precisas para impulsar no concello de Vigo o desenvolvemento da franxa de protección forestal periurbana denominada "Anel verde"
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 72f2, do 28.08.2024

A señora presidenta, logo de comunicar que a esta proposición non de lei se presentaron dúas emendas por parte do G.P. dos Socialistas de Galicia, unha de supresión e outra de adición (doc. 11094), concédelle a palabra á señora Fernández Gómez (BNG), quen procede á formulación e defensa desta iniciativa de impulso sobre o necesario desenvolvemento da franxa de protección forestal periurbana denomindada “Anel Verde”.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén a señora Espinosa Mangana (S), quen expón as súas argumentacións a respecto da proposta formulada e amosa os

PARLAMENTO DE GALICIA

motivos que levaron ao seu grupo á presentación destas dúas emendas e que espera se teñan en contan coa posibilidade de acadar un consenso co grupo propoñente.

Na rolda dos grupos parlamentarios non emendantes, o señor Ojea Bouzo (M) declinou a súa intervención e intervén o señor Rodríguez Conde (P), quen expón diferentes consideracións a respecto da proposta formulada e amosa os motivos polos que o seu grupo non vai apoiar esta iniciativa.

Na rolda de puntualizacións a señora Fernández Gómez (BNG), expón diversas consideracións a respecto das manifestacións do voceiro do grupo maioritario e insiste na defensa da súa proposta, á vez que salienta que non van aceptar as emendas presentadas.

A seguir, pásase ao debate da terceira iniciativa:

2.3 9602 (12/PNC-000932)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Campero Dorado, Cristina e 14 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que proceda a materializar determinadas modificacións fiscais no ámbito da actividade forestal
Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 72f2, do 28.08.2024

A señora presidenta, previamente, comunica que a esta proposición non de lei se presentaron dúas emendas, unha de modificación polo G.P. dos Socialistas de Galicia (doc.11095) e outra de adición polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc.11116) e, deseguido, concédelle a palabra á señora Campero Dorado (P), quen procede á formulación e defensa desta iniciativa de impulso expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG que anteriormente se refire.

Na rolda dos grupos parlamentarios emendantes intervén, en primeiro lugar, a señora Valcárcel Armesto (BNG), quen, previo abandono do seu lugar da Mesa da Comisión (artigo 82 do Regulamento da Cámara), defende as emendas de adición presentadas polo seu grupo, á vez que se pronuncia a prol da proposta formulada.

A señora presidenta, previamente, advirte un erro na orde de intervención dos grupos parlamentarios e manifesta a súas desculpas por elo á voceira do G.P. dos Socialistas de Galicia e, deseguido, concédelle a palabra á señora Rodríguez Dacosta (S) para a defensa da emenda de modificación do seu grupo.

Na rolda do grupo parlamentario non emendante o señor Ojea Bouzo (M) non fai uso da palabra e declina a súa intervención.

PARLAMENTO DE GALICIA

Na rolda de puntualizacións a señora Campero Dorado (P) comenta as argumentacións expostas polas anteriores intervenientes e explica os motivos polos que o seu grupo non vai aceptar as emendas presentadas.

Ao esgotarse o debate, a señora presidenta somete a votación as proposicións non de lei, pola súa orde e cos resultados que se reflicten a seguir:

1) Iniciativa, **doc. 2165 (12/PNC-000278), do G.P. dos Socialistas de Galicia**; sométese a votación e resulta **rexeitada** por:

. votos a favor..... 8
. votos en contra..... 9
. abstencións..... 0

2) Iniciativa, **doc. 9414 (12/PNC-000920) do G.P. do Bloque Nacionalista Galego**; previamente, a señora presidenta dá lectura ao texto transaccionado, que é do contido literal seguinte: *"O Parlamento insta a Xunta a adoptar con axilidade as medidas que sexan necesarias para impulsar, en cooperación co Concello de Vigo e coa Mancomunidade de Montes de Vigo e propietarios de terreos privados afectados, o desenvolvemento efectivo do "Anel Verde" de protección forestal nos montes priurbanos de Vigo"*. Seguidamente, sométese a votación a transacción acadada, que resulta **rexeitada** por:

. votos a favor..... 8
. votos en contra..... 9
. abstencións..... 0

3) Iniciativa, **doc. 9602 (12/PNC-000932), do G.P. Popular de Galicia**; sométese a votación e resulta **aprobada** sen modificacións **pola unanimidade** dos 17 deputados e deputadas presentes con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar ao Ministerio de Facenda unha maior flexibilidade fiscal no IRPF e, no imposto de sociedades, que permita unha mellora da xestión forestal no territorio do Estado. De xeito paralelo, tamén insta a demandar ao Ministerio de Economía o desenvolvemento dun plan sectorial contable para o sector forestal que permita acadar o resultado contable da actividade forestal ao real, de xeito que se tribute de forma máis xusta e de acordo coa capacidade de renda xerada, tal como establece a Constitución española.»

Sen máis asuntos que tratar a señora presidenta levanta a sesión.

PARLAMENTO DE GALICIA

Remata a sesión ás 13:30 horas.

V. e pr.

María Encarnación Amigo Díaz

Firmado digitalmente por María Encarnación Amigo Díaz
Nombre de reconocimiento (DN): cn=María Encarnación Amigo Díaz, email=maria.amigo.diaz@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.10.07 11:57:31 +02'00'

María Encarnación Amigo Díaz
Presidenta da Comisión

Montserrat Valcárcel Armesto

Firmado digitalmente por Montserrat Valcárcel Armesto
Fecha: 2024.10.07 11:03:17 +02'00'

Montserrat Valcárcel Armesto
Secretaria da Comisión